

A ECONOMÍA GALEGA ANTE A EUROPA DO SÉCULO XXI: UNHA RESPONSABILIDADE DE TÓDOLOS GALEGOS

ENRIQUE LÓPEZ VEIGA

Director da Unidade 2-Merger Task Force
Dirección Xeral IV da Comisión Europea

Recibido: 12 novembro 1996

Aceptado: 18 decembro 1996

INTRODUCCIÓN

A BUSCA DAS CAUSAS INTERNAS DOS PROBLEMAS ECONÓMICOS: UNHA NECESIDADE

O título do presente traballo intenta describir unha realidade ou, cando menos, o que o autor deste estudio cre que é unha realidade. En tódalas sociedades, con frecuencia, preséntase unha tendencia excesiva á busca das causas dos problemas das economías en factores esóxenos, isto é, externos á sociedade, e moi poucas veces faise unha análise obxectiva daqueles factores internos que tamén poden se-la causa deles ou que, cando menos, poden contribuír ó empeoramento de situacións que teñen a súa orixe no exterior.

Iso ten unha explicación que, ademais, é moi humana. A ninguén lle gusta poñer o dedo na chaga, porque moitas veces sinala-los defectos propios atrae as iras de determinados sectores da sociedade, e diso non escapan nin a eles son inmunes os propios estamentos universitarios e académicos. No caso de Galicia, sinala-los problemas propios e os freos culturais que poden existir, ás veces, para a solución de determinados problemas implica facilmente a acusación de fomenta-lo auto-odio e outras cousas polo estilo.

Noutras ocasións, non é este o motivo polo que non se abordan determinadas análises, senón polo simple feito de que a economía é unha cousa bastante máis complexa do que parece e a desorientación é grande no momento de comezar á identificación da orixe dos obstáculos ó desenvolvemento. Nestes casos, é máis sinxelo centrarse sobre problemas facilmente identificables e, en certo modo, máis cómodos. O externo é máis facilmente atacable porque, entre outras cousas, a posibilidade de que lle contesten a un é bastante menor e menor é, por iso, o risco de face-lo ridículo.

NECESIDADE DUNHA AUTOCRÍTICA OBXECTIVA

Un, que non é marxista, non ten ningún inconveniente en admitir e defender que o marxismo achegou cousas positivas ó pensamento filosófico e económico da

sociedade. Outra cousa foron os problemas e resultados da implantación de economías centralizadas nos países comunistas co conseguente fracaso económico e restricción das liberdades cívicas.

Entre as cousas positivas, podemos falar da insistencia dos economistas marxistas no carácter da economía como ciencia positiva e na influencia do económico no devir da sociedade, aínda que Marx se excedera un pouco nas profecías. Non obstante, naqueles o económico facíase tan condicionante e as leis tan inexorables que deixaban ó home moi pouco espacio para altera-lo rumbo das cousas. Iso, afortunadamente, non é así e as sociedades poden orientar dunha maneira ou doutra as súas economías.

Está claro que o pensamento económico de moda en cada momento condiciona moito a estrutura e a dinámica das sociedades, pero non por iso o home deixa de ter unha capacidade de reacción que, ben canalizada, pode ter unha grande influencia na solución dos problemas económicos. Para iso, as canles de participación na elaboración da economía deben funcionar ben e isto supón que as estruturas políticas, os políticos e os axentes sociais deben saber ónde teñen a man dereita. Política e economía son indisociables e a sociedade, a través das súas institucións democráticas, debe ser consciente diso e sentirse corresponsable da súa dirección.

Cando facía antes referencia ó marxismo, lembrábame de maneira especial da técnica da autocrítica, tan de actualidade nos anos sesenta no comunismo chinés, e na que moitos da miña xeración críamos cos ollos pechados. Non obstante, sen chegar ás extravagancias chinesas, a economía e as sociedades deben facer unha autocrítica de maneira científica e positiva, é dicir, aceptando aquelas cousas que parecen obxectivamente certas e actuando en consecuencia. Tampouco convén identificar autocrítica co que en termos de moda na actualidade se coñece como "autoflaxelación", nin moito menos. A autocrítica desvelará con ecuanimidade as cousas positivas e negativas de toda sociedade.

Vou intentar isto nestas páxinas. É evidente que falarei de política e do político, pero vaia por diante que é a miña intención, aínda que se cadra fracase, non facer especial mención a ningún grupo en cuestión, xa que os comportamentos de todos os grupos políticos son parecidos e presentan pautas comúns que se poden aplicar a todos eles, tanto cando exercitan o goberno como cando están no labor de oposición. Non hai que esquecer que en realidade o comportamento dos políticos vén a reflecti-los hábitos e as demandas da sociedade.

A ECONOMÍA COMO CIENCIA SOCIAL

Verdade é que a economía é unha ciencia á que se lle pode aplicar unha gran variedade de técnicas matemáticas e econométricas. Ten moitas cousas en común coas ciencias naturais no sentido de que admite a aplicación de determinados mo-

delos matemáticos que axudan grandemente no entendemento e no progreso da ciencia. Neste sentido ten moito de ciencia positiva e moitos dos seus problemas poden ser tratados e investigados con este método. Non obstante, cando se trata de aplicarlle receitas á economía dun determinado país non se adoitan aplicar estes modelos, senón que se aplican na análise económica unha serie de parámetros sinxelos e tradicionais. Sen embargo, en moitos casos, habería que aplicar unha certa dose de intuición, o cal non debe sorprenden a ninguén xa que tamén se utiliza no mundo dos negocios, que é a espiña vertebral do sistema económico. A verdade é que as posibles variables que se poden presentar na solución dos problemas sociais son tantas, que se resisten a ser comprimidas nun modelo económico e, afortunadamente, iso diferencia o comportamento humano do dunha máquina. En definitiva, a economía é unha ciencia social á que se lle poden aplicar certas técnicas cuantitativas, pero necesariamente de forma moi limitada e nunca poderá determina-lo comportamento da sociedade xa que, como dixemos antes, política e sociedade son indisolubles.

Sen embargo, e a pesar do gran número de incertezas que existen nos problemas económicos, en poucas ciencias exerceuse tanto o dogmatismo como na economía; iso si, sempre coa pretensión de ser científico. O mesmo Marx pretendía descubri-las leis inexorables do comportamento das sociedades e qué dicir do grao de dogmatismo con que os marxistas exercían a súa doutrina. Pero desta tendencia a pontificar non escapa ninguén, nin esquerda nin dereita: trala Segunda Guerra Mundial todo era keynesianismo e na década dos oitenta todo era monetarismo e decreta-la morte de Keynes. No pensamento económico actual predomina unha apoloxía, se cadra excesiva, da apertura dos mercados e da libre competencia como solución principal e única ós problemas económicos.

Quizais se esqueza con frecuencia que tódalas doutrinas teñen algo de razón e todas elas conteñen elementos valiosos que poden aplicarse sempre que se exerza o sentido común. É necesario recoñecer que os problemas económicos da vida cotiá teñen tantas orixes e están influenciados por tantos factores, que a súa solución raramente permite a utilización dunha receita única, aínda que en momentos determinados unhas receitas se necesiten con máis intensidade ca outras. Por iso, a aproximación ó estudio destes problemas é multidisciplinar e debe facerse dende distintos ángulos.

Quero dirixi-la atención do lector cara á definición clásica da economía como "a ciencia que estudia a asignación de recursos escasos na sociedade", e pedirlle que repare na última parte: "... sociedade". É, pois, a sociedade a que determina qué recursos considera escasos á parte dos de subsistencia e, en definitiva, é a ela a quen lle corresponde asignalos mediante a participación dos cidadáns nas institucións democráticas. En resumo, se hai unha mala política non haberá unha boa economía, e se os políticos son malos é porque a sociedade non elixiu ben ou non lle esixiu suficientemente ós seus políticos un determinado comportamento acorde cos seus desexos. Isto é, se cadra, unha primeira parte desa autocrítica.

O REALISMO: UN PUNTO DE PARTIDA INEVITABLE

A HISTORIA: UN PUNTO DE PARTIDA, NON DE CHEGADA

Se se queren enfoca-los problemas de Galicia e os de España con acerto, debe partirse con realismo da situación existente, evitando que unha posible reivindicación, por razoable que pareza, impida toma-las medidas adecuadas a tempo, de tal maneira que, cando esa reivindicación puidera ser atendida, a situación estivera xa tan deteriorada que os problemas xa non puideran ser resoltos. O factor tempo é, pois, un factor esencial para determinar se unha medida é adecuada ou non.

O coñecemento da historia de Galicia, como da historia en xeral, é esencial para resolver moitos dos problemas económicos, xa que a historia é o único laboratorio do que dispón a economía. A análise científica e obxectiva das causas do atraso económico de Galicia pode botar luz sobre as posibilidades do desenvolvemento futuro. Non hai dúbida de que a posición de retagarda galega na Reconquista e a cesión de amplas zonas ó señorío eclesiástico foron un auténtico freo ó desenvolvemento de Galicia nos pasados séculos. Esta posición de atraso agravouse cos monopolios concedidos ós portos de Bilbao e Santander en materia de comercio de la cos portos flamengos e a posterior exclusión dos portos galegos do comercio coas Indias. Só así se explica que, tendo uns portos naturais que se contan entre os mellores do mundo, Galicia non puidera obte-los beneficios desta vantaxe comparativa. Naturalmente, sen comercio non hai vías de comunicación, o que explica o illamento galego.

As continuas levas para as absurdas guerras de Flandres e a desolación e sangría que supuxo para Galicia a guerra de independencia de Portugal no século XVII deberon deixala exhausta e sen a masa crítica de persoal debidamente formado como para poder reaccionar. De feito, unha boa parte do despegue industrial tivo que vir de fóra e, no campo da pesca, da man dos cataláns. Algo debía fallar na sociedade galega que se vía incapaz de reaccionar: probablemente unha sociedade exhausta que xeraba unha mentalidade incapaz de absorbe-las novas realidades da revolución industrial e das posibilidades que ofrecía Galicia. Esta mentalidade reaccionaria estaba probablemente alimentada polos elementos máis conservadores, onde seguramente o clero e a tradición de pertenza ós señoríos eclesiásticos desenvolveron un papel decisivo. Non se pode deixar de recoñecer que algo existía na sociedade galega daquel momento que lle impedía reaccionar e constituía, sen dúbida, unha traba de natureza cultural. Non convén botar en saco roto as observacións dun viaxeiro daqueles tempos, George Borrow, neste sentido (Borrow, 1983).

Unha mostra da análise histórica negativa é, por exemplo, a tendencia de moitos historiadores galegos, ó analiza-lo conflito pesqueiro do século XVIII entre cataláns e galegos, que se deixaron levar polo sentimentalismo na súa análise e o presentaron como a nobre resistencia das artes tradicionais "inocuas" contra a explotación foránea "depredadora". Enténdese que persoas como Cornide e Díaz de Rábago reaccionaran así, pero o que é negativo é que os modernos historiadores

continúen facendo este tipo de análises, se cadra levados pola necesidade de crear unha épica tamén no campo laboral. Unha análise máis fría podería levarnos á conclusión de que Galicia non posuía o elemento humano capaz de asimila-lo progreso técnico da época, que tivo que vir de fóra, e que, co tempo, foi beneficioso e indispensable para o posterior e escaso desenvolvemento industrial de Galicia. Iso sería unha mostra do conveniente de mante-las sociedades abertas.

Tampouco convén desdeña-las teses que defenden un certo paralelismo entre as situacións coloniais e as teses da doutrina do subdesenvolvemento, hoxe xa pouco de actualidade, coa situación de Galicia, no sentido de que a explotación de certos recursos naturais de Galicia, como os recursos enerxéticos ou financeiros, puideran estarse utilizando de maneira que non produzan os beneficios debidos; e, polo tanto, que Galicia non aproveite esta vantaxe comparativa. Ás veces, esta tese desdénase por proceder, principalmente, de pensadores nacionalistas, actitude que tampouco é científica (Beiras, 1981).

En definitiva, a análise histórica, fría e obxectiva pode botar unha gran cantidade de ideas sobre as limitacións naturais de Galicia para o seu desenvolvemento e separalas claramente daquelas que son produto de situacións históricas cuns efectos que poden perdurar incluso hoxe en día. Ademais esta análise pode sinalar-las barreiras de tipo cultural que poden ter cooperado a que esta situación perdurara. Tódalas hipóteses de traballo deben ser consideradas, sen rexeitar ningunha *a priori*, xogando con todas elas segundo os seus propios méritos.

O coñecemento da historia e a súa comprensión é esencial porque revela as causas do declive e do éxito das nacións e rexións, pero quedarse nela é un erro de difícil reparación: ós galegos os Reis Católicos poderannos parecer uns canallas, pero non arranxamos nada con insistir todo o tempo niso, entre outras cousas porque xa morreron, será, sen embargo, de interese estudia-lo seu papel no declive de Galicia. Pero será máis importante aínda saber se a situación económica da Galicia de hoxe aínda pode explicarse por aqueles feitos ou se, máis ben, son xa outros os problemas reais, e cál é a capacidade de cambio actual que a sociedade ten para alterar un estado de cousas que non é o adecuado.

O PASADO ESTÁ ESCRITO, O FUTURO NON

O estudio da historia é esencial na análise económica pero máis ou, cando menos, tan importante é estudia-la situación real na actualidade e os condicionantes económicos ós que está sometida Galicia no momento actual. En concreto, haberá que formularse se ten algún interese a curto prazo para Galicia e España deseñar unha política alternativa á exposta no Tratado de Maastricht e nos Tratados da Unión, ou se tal vez un debate semellante que centralice a vida económica e política do país non será un freo para dedicarse a outros esforzos que teñen un rendemento económico máis inmediato e que poden resolver problemas como os do emprego e o crecemento económico, que son máis necesarios.

Se o executivo e a oposición se enredan excesivamente en temas de longo prazo, os problemas de curto prazo tamén se resenten: a discusión política é tamén unha cuestión de asignación de recursos escasos. En definitiva, os enfoques económico e político deben facerse dende o realismo: a fantasía dentro dunha política económica realista é creativa pero, ó revés, o realismo dentro dunha política económica fantástica é imposible.

Que o debate social transcorra dentro de canles realistas é responsabilidade de tódolos estamentos da sociedade: economistas, políticos, medios de comunicación e cidadanía. Pero tamén é certo que as mensaxes políticas á cidadanía deben darse con claridade e, probablemente, nunha sociedade suficientemente madura, antes das eleccións. O verdadeiramente importante é centra-lo debate sobre as solucións máis realistas que se poden dar ós problemas máis urxentes de Galicia, dentro do contexto existente. Toda solución que se propoña fóra do contexto xurídico e económico actual, malia ser lexítima, corre o risco de non poderse levar a cabo ou ben de ser realizable para un momento no que os problemas que haxa que resolver xa sexan outros. O peor, ademais, é que se distrae á sociedade coa discusión de solucións que non o son e iso desvía a atención daquelas que si o son. Galicia non pode perder tempo, baixo pena de volver sufrir un novo atraso comparativo que pode poñer en perigo, non só o presente, senón tamén o futuro que non está escrito e que lle corresponde a esta xeración realizar.

SÍNTOMAS DE INFANTILISMO NA ECONOMÍA GALEGA

REIVINDICACIÓNS E MOBILIZACIÓNS NO SEU PUNTO XUSTO

Os últimos anos en Galicia foron, sen dúbida, duros. Neste aspecto foi moi grave o impacto que o desmantelamento do sector público tivo en toda Galicia e, de maneira especial, en Ferrol. As mobilizacións sociais compréndense e son lóxicas porque as decisións de desmantelamento nunca ofreceron realmente solucións alternativas de emprego e, en definitiva, tratábase de decisións de tipo político: o peche dos grandes estaleiros non tiña por qué facerse en Galicia. Esta época creou unha cultura de mobilizacións populares que, aínda que puido te-la súa razón de ser, pode estar deixando uns pousos na sociedade galega que poden tornarse en algo moi negativo.

Que unha sociedade reaccione en determinados momentos ante un problema serio é algo positivo, pero que se estea reaccionando ante calquera medida política con mobilizacións na rúa pode converterse en algo moi negativo, non pola acción en si mesma, senón pola filosofía económica que contribúe a xerar na sociedade e que se transmite por toda a cadea política ata o executivo.

Mentres a mobilización sexa unha protesta inmediata da sociedade ante algo que non gusta, iso será positivo. Se as mobilizacións se convierten en algo normal para esixirlles unha solución ós poderes públicos de problemas que teñen a súa

solución e orixe noutro lado, xa é algo máis grave. Pero é moito máis grave aínda que entre na sociedade a convicción de que lles corresponde ós poderes públicos solucionar tódolos problemas que se producen nas empresas. Cando isto acontece, a sociedade vólvese infantil ó pretender buscar solucións que xa non corresponden á época na que vivimos.

Algo disto está sucedendo na sociedade galega e, por suposto, non só nos sindicatos, senón, e isto é máis preocupante, nos propios empresarios. Espérase que os problemas empresariais de todo tipo sexan resoltos polas administracións públicas e recórrese excesivamente á esixencia de subvencións cada vez que se produce un revés económico. Incluso fálanse de protección contra posibles importacións nun verdadeiro exercicio de inxenuidade política e económica. Sen embargo, o que é máis grave é a aprobación tácita da sociedade a estas peticións.

OS FONDOS PÚBLICOS SON ESCASOS

Por exemplo, a un taxista (e a moita xente) pódelle parecer normal que un bateiro de mexillón, empresario (que non obreiro) que ten o privilexio (que non o dereito) de explotar un ben de dominio público que é o mar, lle esixa subvencións ó goberno autonómico polas perdas sufridas pola purga mariña. E, incluso, ó noso taxista pódelle parece-lo máis normal do mundo que a Xunta de Galicia outorgue esas subvencións. Sen embargo, se ese mesmo taxista ten un accidente e se dá un golpe contra unha farola como consecuencia do mal estado da rúa, é case seguro que non se lle ocorrerá pedirlle á Xunta unha axuda para a reparación da avaría.

É que o noso hipotético taxista, como outros moitos cidadáns, non se pararon a pensar que calquera subvención que a Xunta ou o Goberno central outorguen se detrae dos impostos de tódolos cidadáns e que se, por exemplo, en vez de darlle esa axuda ó bateiro destinara eses fondos a arranxa-la rúa, nin el nin outros terían ese accidente e, ademais, podería seguir exercendo a súa actividade económica. O caso imaxinario descrito non se afasta, desgraciadamente, de moitas das situacións que se nos presentan a diario na vida pública.

Non se aprecia ben o feito de que se se quere construír unha sociedade con fundamentos económicos sanos é necesario que se implante a conciencia na sociedade de que os fondos públicos só deben de utilizarse na creación de infraestructuras de uso para toda a sociedade, para o estímulo de actividades económicas de alto risco cunha posta en marcha que beneficie, en xeral, á economía, para acometer aqueles proxectos industriais que poidan ser levados a cabo pola iniciativa privada, para prover á sociedade de servicios de interese xeral ou para estimular a creación ou renovación de empresas no interese de toda a sociedade. Iso non implica descartalo feito de admitir intervencións puntuais para reformar ou reconverter un sector en dificultades pero, en definitiva, as axudas públicas deben utilizarse no mundo empresarial como un estímulo para activa-la economía e os servicios, nunha dirección que interese á sociedade e non a un empresario en particular. Mentres existan

empresarios e sectores importantes da opinión pública que pensen que a sociedade debe correr cunha parte dos seus gastos de explotación, mal lle irá a Galicia e a España.

Algo diso está ocorrendo na actualidade. Os políticos, a oposición e os gobernos comezan a ceder cada vez máis a estas demandas, entrando así nunha perigosa espiral que non conduce nada máis que a crear unha mentalidade económica "infantil", ó desenvolvemento dunha economía asistida e, en último termo, ó desemprego e á emigración. Pero o máis grave é que este tipo de actitudes está dándose con moita máis frecuencia en Galicia ca noutras moitas partes de Europa que compiten con Galicia, onde esas reivindicacións nin sequera se formulan. Con isto, a actitude descrita é comparativamente máis grave que se fora unha actitude xeral en toda Europa.

A UNIÓN EUROPEA E A GLOBALIZACIÓN DA ECONOMÍA

MODIFICA-LOS TRATADOS NON É UNHA ALTERNATIVA NIN A CURTO NIN A MEDIO PRAZO

Antes falamos de realismo. Quixeramos agora facer algunhas consideracións sobre o contexto económico no que se vai desenvolver a economía galega nos próximos anos. Dentro deste contexto económico está a nosa pertenza á Unión Europea, o que condiciona fortemente para ben ou para mal, segundo opinións, este contexto.

O debate sobre as consecuencias que o Tratado de Maastricht terá para a economía galega existe e non se pode dicir que estea baleiro de contido, porque algún dos partidos con forte implantación na sociedade galega sostén que as consecuencias dese Tratado son moi prexudiciais para Galicia, opinión que, por certo, non só é compartida por persoas adscritas a ese grupo, senón que probablemente constitúa un estado de opinión non desprezable en canto ó seu apoio social.

Anque todo debate político é enriquecedor e se pode defender democraticamente calquera opinión, incluso cuestiona-la propia pertenza á Unión Europea, sen embargo, persoalmente creo que este tipo de debate é estéril se non se presenta unha alternativa, a que sexa, á situación actual. Creo que ninguén presentou nin aquí nin no resto de Europa unha alternativa válida á actual, como non sexa a de ir aínda máis alá no proceso de integración europea. Neste estado de cousas, estimo moi pouco práctico entreterse en debates centrais sobre unha posible revisión dos Tratados: iso é sinxelamente imposible, no caso máis optimista para estas hipóteses, cando menos ata dentro duns quince anos. Defende-lo contrario é sinxelamente non vivir neste mundo. Este tipo de discusión non soluciona os problemas inmediatos da economía galega.

O feito real e básico é que a economía galega, cando menos nos próximos dez anos, vai desenvolverse neste contexto, o que vai implicar un período de austeri-

dade económica prolongado como requiren as condicións para poder aspirar a estar na Unión Monetaria. Incluso, aínda no hipotético caso de que non se puidera ingresar no primeiro grupo de países en 1999, sería ilusorio e irreal pensar que España quedaría libre para poder intentar levar a cabo unha política monetaria independente.

Con toda seguridade, pódese dicir que estaremos nos próximos anos nun período de orzamentos restrictivos e de austeridade. Isto vai limita-la posibilidade de intervención de fondos públicos na vida empresarial e máis vale telo moi presente. Os fondos públicos, máis ca nunca, van converterse nun ben escaso que haberá que xestionar mellor e con máis acerto.

Por outra parte, é necesario considerar que as axudas públicas se van ver sometidas, cada vez máis, a un filtro restrictivo ó que obriga a lexislación comunitaria. A posibilidade dos poderes públicos para acudir en axuda de empresas en crise será cada vez máis difícil e non só iso, senón que, en determinadas circunstancias, será simplemente ilegal e non se poderá facer. A iso obriga non só a lexislación comunitaria, senón os propios acordos internacionais e a nosa pertenza á OMC. Non se poden pecha-los ollos a este feito, nin se lles poden pedir intervencións ás autoridades públicas que sexan ilícitas.

É NECESARIO ADOPTAR POSTURAS RESPONSABLES A TÓDOLOS NIVEIS

Formular dende calquera grupo político, goberno ou oposición iniciativas que non teñan isto en conta é, sinxelamente, unha insensatez, unha perda de tempo e unha perigosa contribución a que o pensamento económico na sociedade galega se volva infantil no sentido que describimos antes. Non se deben formular dende ningún sector social alternativas económicas que non sexan posibles a curto prazo: o cambio do contorno económico descrito antes non o é.

A globalización da economía implica unhas regras de competencia moi estrictras e unha apertura cada vez maior dos mercados comunitarios á competencia. Neste contexto, espertar ilusións de que se poden protexe-los productos galegos da competencia exterior é unha fantasía económica que pode satisfacer, de cara a unha certa galería, unha necesidade política, no sentido de da-la impresión de que se está facendo algo en favor dun sector. Isto é dobremente perigoso para as empresas dese sector, en primeiro lugar, porque se lles está facendo concibir falsas ilusións sobre a posibilidade de solucionar-lo seu problema e, en segundo lugar, porque non buscarán doutra maneira as solucións reais e efectivas ós seus problemas. Escapar da realidade cando esta non gusta é humano, pero non hai que fomentalo por quen, nas institucións de todo tipo, ten un certo grao de responsabilidade.

Non me cabe dúbida de que a mentalidade económica da sociedade galega necesita un cambio, no sentido de acepta-lo que é posible e rexeitar, dende o primeiro momento, aquilo que non o é. Non é esta unha cuestión que abraza só ó estamento político, senón a toda a sociedade. Os políticos son seres humanos e, ade-

mais, pertencen ó pobo que os elixe: se os estamentos sociais os empurran a ir nunha dirección, facendo demandas imposibles, irán nesa dirección e de aí dereitos ó fracaso económico.

A responsabilidade dos políticos, se é que o son de verdade, é dici-la verdade das cousas antes das eleccións, aínda a risco de perdelas. Se entran no xogo de facer promesas falsas, sobre todo a sabendas de que o son, non estarán contribuíndo a crear un clima económico saudable e iso si que é unha irresponsabilidade. Análogas consideracións poden facerse sobre centrais sindicais, patronais, medios de comunicación e outros líderes de opinión. Crear unha mentalidade económica saudable é labor e obriga de todos.

NACIONALISMO E ECONOMÍA

O NACIONALISMO COMO FONTE DE TENSIONS

O debate nacionalista está presente en Galicia con máis forza do que moitos cren e toca a fibra sensible de case tódolos galegos. Non tratamos aquí de entrar nunha valoración nin emitir un xuízo sobre o fenómeno nacionalista en si, senón de considera-las posibles repercusións e riscos económicos que unha política excesivamente nacionalista poida ter, e iso da maneira máis obxectiva posible.

O nacionalismo ten moitos graos, a pesar de que os grupos máis radicais só consideran como tales ós que incorporan determinadas premisas, como a reivindicación explícita do dereito á autodeterminación, nos seus programas. Nós utilizaremos unha acepción moito máis ampla, que pode incluír ata un fondo rexionalismo. O fenómeno non é exclusivo de Galicia, senón que en toda Europa se está vivindo unha especie de contradicción entre un avance no proceso de construción europea e un retroceso cara a posturas que chegan incluso a propoñe-la disgregación dos estados actuais: o desatino do movemento da Padania é un disparatado exemplo desta liña. Non obstante, hai que recoñecer que esta tendencia disgregadora está presente en todo o panorama político europeo.

En principio, a aparición de todo nacionalismo en estados unitarios é un fenómeno xerador de tensións, da mesma maneira que o é a aparición do nacionalismo no ámbito dunha nación-estado. Negar isto é un absurdo: non fai falta máis ca miralo noso arredor. O nacionalismo é, polo tanto, un fenómeno, se cadra inevitable, que ten unha tendencia a xerar paixóns e conflitos que teñen unha repercusión económica indubidable e que, moitas veces, poden afecta-las decisións de investimento nunha determinada zona.

O sentimento nacionalista das xentes é algo que, pola súa propia natureza, hai que manexar con moito coidado e con gran responsabilidade. Este sentimento é comprensible pero sempre ten consecuencias que poden ser negativas ou positivas, dependendo de cómo se enfoque e cómo se conduza un proceso nacionalista por parte dos responsables políticos. En definitiva, o nacionalismo corre sempre o grave risco de terminar nun movemento cavernario e case racista que pode levar ás

sociedades a repregarse sobre si mesmas e a un certo isolacionismo. O risco de converterse nun movemento contrario a un espírito universal e aberto é evidente.

NACIONALISMO E HISTORIA

A tendencia dos nacionalismos a falsifica-la historia da propia sociedade está presente en tódolos exemplos históricos. Ninguén se resigna a ter unha historia máis ou menos gris e sempre aparece como necesario crear unha épica propia. Naturalmente, isto adoita ser acientífico e normalmente dá lugar a unha rama fantástica da historia máis ca un estudio científico dela. Iso pode ser perigoso por dous motivos: un de convivencia e outro económico. En canto á convivencia, as análises históricas que xeran e promoven os nacionalismos veñen a ser con frecuencia unha especie de conto de bos e malos, onde os malos son sempre os de fóra. Esta maneira de analiza-la historia, que xa estaba sendo descartada polos principais historia-dores mundiais, está volvendo pola porta falsa dos nacionalismos. O malo é que contribúen a crear un nacionalismo "contra os outros", o que é negativo e perverso nunha sociedade democrática con tódalas consecuencias. Dende o punto de vista económico iso tamén é nocivo, porque contribúe a crea-la impresión de que tódolos males económicos veñen do exterior e porque pode facilmente conducir a unha distorsión da análise económica histórica e, polo tanto, a conclusións falsas no momento no que se queiran proxectar eses resultados cara ó futuro, á parte de fomentar odios e fobias cara a outros pobos, cando os seus actuais comportamentos non teñen nada que ver co que fixeron os seus devanceiros séculos atrás.

Todo pobo ten o dereito e o deber de conserva-la cultura, o patrimonio cultural e a lingua propia porque, en definitiva, esas cousas son, así mesmo, patrimonio da humanidade. Por iso, un nacionalismo positivo e integrador non pode perder de vista este obxectivo. É o que poderíamos denominar un nacionalismo aberto e integrador de todos aqueles elementos que veñan de fóra. Máis ou menos equivale a dicir: temos algo marabilloso na nosa terra, ven e desfrútao con nós. Isto que se di facilmente e que todo movemento nacionalista seguramente dirá que é o que propón no seu programa, é a excepción, e moi excepción, máis ca regra.

Incluso nos movementos máis moderados, o risco de contrapoñe-lo propio ó de fóra é enorme. Será un cínico o que negue que en España, sen ir máis lonxe, moitos movementos nacionalistas concibiron unha estratexia política como unha confrontación con "España", calquera que sexa a concepción desa "España". Iso xera unha tensión entre esa rexión e o resto. Se a tensión é grande, as repercusións económicas poden ser moi serias: se esa rexión, onde se presenta o fenómeno nacionalista, é netamente exportadora, o movemento nacionalista pode estar afectando a súa imaxe de marca, transformando en impacto negativo todo o que dela se exporte ó resto. Ó final, as exportacións acaban sendo afectadas e é posible que se produza unha desaceleración do investimento de capital foráneo. Por poñer un exemplo moi extremo, ¿quen compraría un coche fabricado na parte serbia de Bosnia se esta está rexida polos partidarios de Radovan Karadžić?

Non esquezámo-lo poder da imaxe, especialmente na era das comunicacións, nin que Gandhi foi capaz de producir graves problemas na industria téxtil inglesa simplemente coa súa campaña de fia-los seus propios tecidos. No caso español, ningunha das actuais rexións pode sobrevivir sen o mercado peninsular: unha imaxe excesivamente negativa é economicamente prexudicial. Toda rexión que practique un rexionalismo "en contra" do resto estará abocada ó fracaso económico a medio ou longo prazo.

Outro dos problemas que pode crear un nacionalismo esaxerado é o de fragmentación do seu propio mercado. Isto é especialmente certo nas rexións onde existe unha lingua propia. Unha política lingüística excesivamente ríxida cara ás persoas que proveñan doutras rexións ten, inevitablemente, como efecto crear unha barreira ó movemento de persoas. Isto xa é hoxe evidente en certas administracións autonómicas, onde a esixencia como condición *sine qua non* para o acceso a elas é o coñecemento da lingua propia.

Non se trata aquí de xulga-las razóns desas medidas, senón máis ben de analizar algúns dos seus efectos. Non cabe dúbida de que esas medidas crean unha certa endogamia e unha visión, no caso de España, de considerar como "estranxeiros" cidadáns que antes non o eran. Iso implica elixir moitas veces non a persoa máis idónea para un determinado posto, senón a mellor das persoas posibles que fale esa lingua.

En definitiva, e en termos económicos,ponse un freo á libre circulación das persoas e vaise en contra da asignación máis eficiente dos recursos económicos, entre os que o factor humano é, sen dúbida, o máis importante. Canto máis cale esta filosofía da exclusión nunha sociedade, máis se pechará esta en si mesma e, certamente, iso producirá un insán proceso de esclerose que acabará afectando á economía. De aí a predica-lo proteccionismo económico inxustificable para defende-lo "noso", mesmo aínda que sexa malo, hai só un paso.

NACIONALISMO E SOCIEDADE ABERTA: UNHA HARMONIZACIÓN NON FÁCIL

A idea de nacionalismo e a de universalismo teñen moitos elementos contradictorios. As filosofías máis progresistas acostuman se-las universais e parece que dentro do actual contexto económico mundial, a globalización das economías require tamén filosofías e mentalidades abertas ó resto do mundo. Cómo levar a cabo unha política nacionalista que non sexa excluín-te cara a posibles elementos que veñan de fóra e que sexa compatible coa idea de universalidade e, en definitiva, de solidariedade con outros pobos, non é fácil e non está exenta dos riscos que mencionamos anteriormente.

A nosa única intención foi resaltar que, aínda que é posible e, se cadra, desexable desenvolver unha certa política nacionalista, iso non está exento de riscos, e moi serios, dende o punto de vista económico. O votante, en definitiva, ten a última palabra, pero para que un nacionalismo non xere unha mentalidade económica

insá na sociedade requírese unha gran flexibilidade e apertura nos aspectos lingüísticos de cara ós factores humanos externos a esa sociedade, non só para permitirlles unha boa adaptación á sociedade, senón máis aínda para facerlles atractivo o seu ingreso, sobre todo cando se pretende atrae-lo investimento externo. Trátase, en definitiva, de crear unha sociedade aberta.

SOCIEDADE, POLÍTICA E ECONOMÍA EN GALICIA

Viñemos mantendo a tese de que é necesario un cambio na mentalidade económica da sociedade galega, e seguramente tamén da española, para impulsarlas nosas estruturas económicas; e iso só será posible mediante un esforzo colectivo, que é necesario para posibilita-la toma de medidas sen que se levanten constantemente polémicas innecesarias, ou que certas polémicas, que non abordan temas de solución inmediata, monopolicen e secuestren un tempo e un esforzo necesarios que deberían ser dedicados a outros mesteres de necesidade máis inmediata.

Falamos con frecuencia de subvencionar-la economía productiva como algo desexable, cousa coa que, certamente, estamos de acordo. O que pasa é que á hora da verdade a actuación política, por motivacións ás que non é allea a sociedade no seu conxunto, vai nun sentido completamente distinto. Os modos de facer política deben cambiar porque se están facendo economicamente arcaicos na nosa terra (aínda que non só aquí) de modo especialmente perigoso.

En toda sociedade democrática é moi difícil implantar medidas impopulares se a adopción destas se fai en contra da vontade popular: é necesario unha explicación de por qué se adoptan e é necesario, así mesmo, que a sociedade comprenda e acepte voluntariamente o sacrificio. Facelo en contra da vontade popular ten visos de despotismo ilustrado.

Por outra parte, é necesario recoñecer que nas sociedades democráticas os políticos actúan a impulsos do que se percibe como a vontade popular, das presións de certos colectivos e do programa do partido. Se se cambia a forma de facer política é necesario un cambio de mentalidade da sociedade. Puidera parecer que estamos culpando ó votante do que pasa en cada país. En certo modo é así, xa que a sociedade é a que elixe ós que a van gobernar. Non obstante, a responsabilidade do político é máis inmediata, no sentido de que debe dar unha opinión sincera do estado das cousas, pero antes do proceso electoral e non despois. Por iso é necesario romper esa dinámica perniciosa de dar por boa e válida a mentira electoral: é preferible que cando se gañe se faga coa verdade por diante, aínda que iso, durante un período, poida esixir un largo labor de convencemento que impida alcanza-lo poder.

A filosofía actual é a de primeiro alcanza-lo poder para, despois, poder desenvolver un programa que está insuficientemente explicado ou que non se ten claro. Esta é a tendencia que inexorablemente hai que invertir para cambia-la nosa sociedade. Para iso necesítase unha clase política co valor e a xenerosidade suficiente.

Pero en España, e de maneira especial en Galicia, os localismos constitúen un enorme lastre que, ás veces, parece imposible de superar. Eses localismos veñen

agravados pola moderna tendencia, que parece implantarse en todo o mundo occidental, de buscar unha utilidade inmediata á política: perdeuse universalismo e sentido da solidariedade. A acción política concíbese unicamente como a defensa dos intereses dunha colectividade en cuestión. Iso non exclúe ningún nivel: se se fala de Europa, a política concíbese como a defensa dos intereses españois; se se fala de España, a política concíbese como a defensa dos intereses galegos e, se se trata de Galicia, concíbese como a defensa dos intereses de tal ou cal comarca ou cidade.

Esta maneira de entende-la política como confrontación volve os espíritos mesquiños e, a base de busca-la satisfacción dos intereses locais inmediatos, pérdese totalmente a perspectiva da necesidade de solucionar los problemas globais que son, en definitiva, os que de verdade contribúen ó benestar e ó progreso, incluso nas comunidades locais máis pequenas e distantes.

Díxose que en Galicia a política a fan os alcaldes e é preciso recoñecer que en gran medida é así. O resultado é unha excesiva política do polideportivo, da feira tal ou cal, do desexo dunha proliferación excesiva de universidades, querendo instalar un campus en cada vila galega, sen que de verdade se facilite unha planificación e racionalización destas actividades.

O proceso de comarcalización, vital para o desenvolvemento económico e dos servicios en Galicia, nunha gran parte está sendo impedido polos poderes locais. Non hai aquí diferencias de comportamento nos grupos políticos. Con determinados matices e agás honrosísimas excepcións, todos seguen esta pauta de comportamento que, en definitiva, está incrustada na mentalidade da nosa sociedade e que nin moito menos é unha prerrogativa do ámbito rural: as pallasadas do "vigüismo" ou do "coruñesismo" están aí para demostra-lo contrario.

De novo, correspóndelle primeiro á clase política e logo ós estamentos representativos de toda a sociedade romper esta dinámica maldita. A xuventude actual tende a non caer nestas actitudes, pero acabará por se contaminar se continúan sendo a pauta de comportamento político da nosa sociedade.

PARLAMENTO E EXECUTIVO

A vida económica dunha nación ou dunha rexión está fundamente influenciada, como non podía ser doutra maneira nunha sociedade democrática, polo executivo e o lexislativo, ante o que aquel é responsable. Os gobernos emanan dos parlamentos, que representan a vontade soberana, e están sometidos ó seu control.

A clase política está ultimamente en desprestixio por toda unha serie de episodios de corrupción que, sen constituí-la norma de comportamento xeral da clase política, a colocaron baixo sospeita. Esta situación hai que corrixila de inmediato, porque non hai alternativas válidas á democracia. O feito de que a clase política estea baixo sospeita implica que subxace unha desconfianza da sociedade cara ás súas propias institucións, e isto non pode ser. Se non se confía nos que o pobo so-

berano elixiu como rexedores da nosa sociedade, ¿como imos falar da adopción de medidas correctoras da economía?

A situación, aínda sen chegar a ser dramática e, moito menos, irreversible, require unha seria e sinxela reflexión, que é especialmente necesaria en Galicia onde existe unha tendencia na sociedade a desconfiar das propias institucións. Esta desconfianza deriva de toda unha situación histórica coñecida e sobre a que non imos entrar aquí. Dado que é difícil comeza-lo labor de cambiar de actitude dende a propia sociedade, o único posible e viable é comezar por cambia-la actuación política, tanto do executivo como do lexislativo, no sentido de convencer á sociedade da súa fiabilidade como representantes e xestores dela.

A principal responsabilidade reside nos cadros dos partidos políticos que deben comezar por selecciona-los mellores para o desempeño, tanto da actividade parlamentaria como dunha posible participación no Goberno, se o seu partido é o encargado desa misión. Queda agora por definir qué é o que entendemos polos mellores.

A vida política é unha mestura de ser capaz de capta-los problemas que existen na sociedade, de te-la habilidade de distinguir aqueles nos que a súa solución é prioritaria e, finalmente, de ser capaz de propoñer, a distintos niveis, as solucións adecuadas. Os mellores son, polo tanto, aqueles que saben desempeñar esta función con eficacia.

Non se trata de ser técnico na materia, senón de te-la capacidade de traballo para estudar e analizar cada tema en cuestión. Isto último é o realmente importante: capacidade de traballo e decisión. Naturalmente, a necesidade de coñece-los temas en profundidade é maior cando se ocupa un posto no executivo. Por iso, é necesario que os partidos repartan ben os labores entre os seus parlamentarios de acordo coas súas posibilidades de levar a cabo unha determinada xestión; pero, tan importante é ter persoal cualificado para ocupar postos de goberno como ter bos parlamentarios, cousa que non sempre se apreciou como necesidade. Non estamos falando de xente que teña titulacións, senón de xente que dedique o seu esforzo a coñece-las cousas, con título académico ou sen el.

O que o Goberno pode facer é algo evidente, pero o que pode face-lo Parlamento é algo menos evidente e, sen embargo, reviste unha importancia enorme, xa que, despois de todo, del emana e a el responde o Goberno.

A UNIÓN MONETARIA E A ESTRATEXIA POLÍTICA EN GALICIA DE CARA Ó FUTURO

Hoxe en día está pouco de actualidade defende-los criterios de converxencia de Maastricht, pero ir en contra deles é, con frecuencia, o resultado de centrar excesivamente a análise económica sobre as consecuencias inmediatas de aplicar uns orzamentos restrictivos en momentos de elevada taxa de desemprego.

Os criterios de converxencia de Maastricht non fan máis ca describir unha situación saneada dende o punto de vista macroeconómico que en teoría é a única capaz de xerar emprego e crecemento sostido a longo prazo. Non se pode argumentar con rigor económico que un nivel de débeda pública asumible, unha taxa de inflación baixa e uns tipos de xuro baixos constitúan un escenario macroeconómico indesexable.

É certo que desordenar unha economía é moito máis fácil e rápido que ordenala. Por iso ha de facerse un esforzo grande e sostido para que as economías europeas alcancen estes obxectivos de estabilidade macroeconómica canto antes, xa que, do contrario, corrémo-lo risco de que non se alcancen nunca. Iso implica un certo tratamento de choque que se nota a curto prazo e de maneira máis intensa nas economías máis débiles e, se cadra, dunha maneira máis dura na política contra o desemprego.

Se son estes os efectos, cabe preguntarse se é razoable para España e, polo tanto, para Galicia, manterse fóra da Unión Monetaria, aínda que sexa temporalmente. O debate sería distinto de non estar xa asinado e en vigor o Tratado de Maastricht, pero como vimos mantendo, hai que partir de situacións reais: o Tratado está en vigor e hai unha decisión da maioría dos estados membros de integrarse na Unión Monetaria. Por iso toda análise haberá de partir desta premisa se se quere ser pragmático, e a política obriga ó pragmatismo.

As situacións son sempre relativas e a análise hai que facela dende a óptica de que vai haber países que van formar parte desa Unión Monetaria. A opción para España sería a de entrar ou a de non entrar, porque a de "non entrar de momento" é unha mala opción, xa que implicaría un cadro macroeconómico peor cós dos países que forman parte da Unión, co conseguinte risco de desestabilización monetaria e unha maior dificultade para controla-la inflación. O resultado sería que o investimento iría parar ós estados con perspectivas económicas máis estables xa que, de tódalas maneiras, o acceso ó mercado español estaría asegurado. As razóns para non investir en España serían as clásicas: as taxas de inflación elevadas e os altos tipos de xuros non son elementos atractivos para os investimentos, especialmente cando a poucos quilómetros da fronteira se teñen condicións distintas e mellores.

Por iso, non se pode estar temporalmente fóra. A única alternativa, se cadra non a máis conveniente dado que a Unión Monetaria vai existir, sería estar fóra. Por iso, unha vez que o Tratado de Maastricht está en vigor e unha vez que se decidiu forma-la Unión Monetaria, o máis intelixente é acceder canto antes á Unión; isto é, na primeira fase, para evita-los inconvenientes anteriores e os posibles derivados dunha falta de confianza dos mercados financeiros na estabilidade monetaria dos que se quedan fóra, aínda que sexa temporalmente, e iso a pesar dos inconvenientes dun axuste duro. Dadas as circunstancias, calquera outra opción pode ser peor e máis arriscada.

A estratexia da planificación da economía galega farase de acordo con esta premisa e as súas consecuencias asumiranse máis rápido e por toda a sociedade

polas razóns que explicamos antes. Discutir sobre a conveniencia de acceder ou non ó primeiro núcleo de países que formen parte da Unión Monetaria europea pode converterse no exercicio da lebre determinando se os seus perseguidores son galgos ou podengos. Neste sentido, a sociedade galega en xeral e a través das vías que sinalamos antes debe prepararse para asumir unha serie de consecuencias derivadas do marco histórico presente.

O momento presente invita a calquera cousa menos a estarse quietos. As economías de países e rexións, como as empresas, atópanse nun proceso acelerado de adapta-los seus modelos de produción a unha economía mundial cada vez máis aberta, pero de maneira especial os países e rexións da Unión Europea. Atópanse ante un reto aínda máis inmediato que é adaptarse ó Mercado Único e á Unión Monetaria coa disciplina orzamentaria que isto supón. A todo isto engádese o feito de que os prazos están prefixados e determinados de antemán e calquera perda de tempo neste período pode ter consecuencias irreversibles.

Galicia é unha rexión do obxectivo número 1, polo que, durante un período de tempo, terá acceso a uns fondos especiais que deben ser utilizados ben e rapidamente, porque o obxectivo político prioritario é deixar de pertencer a esta categoría de rexións, o que querría dicir que Galicia finalmente se desenvolvería.

Non obstante, o risco de que os fondos de cohesión e os fondos estruturais non permanezan para sempre é evidente nun panorama de orzamentos restrictivos, risco que se ve acrecentado coa futura ampliación da Unión ós países do leste. Razón de máis para non perde-lo tempo, porque a utilización inadecuada ou sen efectos visibles duns fondos financiados por todos é un incentivo permanente para a súa supresión, risco que non ten nada de imaxinario.

Nestas circunstancias, a estratexia política e económica nos próximos anos debe estar presidida por este panorama político: a curto prazo, adaptarse ás esixencias impostas pola Unión Monetaria e, a medio e longo prazo, adecua-las infraestructuras e aparato productivo para competir nun mundo de mercados abertos. Calquera outra estratexia pode ter serias e graves consecuencias.

Tendo isto presente, cabe preguntarse qué poden face-los gobernos autonómicos e, polo tanto, e en paralelo, os parlamentos e sociedades destas rexións e, de maneira especial, no caso galego.

A cousa parece relativamente clara en termos xerais e de acordo cos principios macroeconómicos básicos. Nin as rexións nin xa os gobernos nacionais na Unión controlan, nin poden controlar, nin a política comercial nin a política monetaria. Por iso, formularse debates que impliquen solucións que esixan a modificación destas políticas pode ser absolutamente estéril dende o punto de vista dos resultados, aínda que iso sexa elegante dende o punto de vista académico. Os gobernos rexionais só poden controla-lo seu gasto público e poden incentivar, parcialmente e ó seu nivel, o sector real da economía; isto é, o consumo privado, pero iso con moitas máis limitacións có Goberno central. E isto ten unhas implicacións con-

cretas e específicas, tanto na adecuación das infraestructuras como na orientación do gasto e investimentos públicos.

É evidente que Galicia, e en xeral o norte de España, concretamente Asturias e Cantabria, teñen unha desvantaxe relativa con respecto ó resto da Península Ibérica (non só España) en materia de infraestructuras de transporte. No caso galego, a tradicional mala comunicación co resto da península vaise ver considerablemente mellorada trala terminación das autovías, pero, anque isto é unha mellora dende o punto de vista absoluto, non resolve aínda o problema dende o punto de vista relativo, que é como hai que analiza-las cousas en economía, se se queren determina-las vantaxes comparativas. Mentres que o Levante, Sur e Centro, incluíndo o País Vasco, quedan relativamente ben integradas entre si e o resto de Europa, non sucedera o mesmo con Galicia nin coas outras rexións, aínda despois de rematadas as autovías. Galicia aínda non terá resolto os seus problemas de mala comunicación con Asturias e co resto do norte de España, nin tampouco estará ben integrada na súa comunicación con Portugal, mercado que lle é indispensable. Todo iso en termos relativos.

Especialmente grave é o caso do ferrocarril, sen o que a vantaxe comparativa dos portos galegos se ve tremendamente diminuída. Aínda que a situación mellorará ó chega-la rede acondicionada para a alta velocidade, esta non entrará en Galicia e a rede existente seguirá sendo defectuosa en relación co resto de España. A súa desvantaxe en termos comparativos continuará igual ou incluso pode empeorar se a construción dun espacio económico próximo, norte de España-Galicia-Portugal, que é unha necesidade imperiosa que se engade ó cadro macroeconómico do que falamos antes, non ten lugar.

Con este panorama terase que enfrontar calquera goberno galego nos próximos quince anos, o que constitúe unha realidade moi dura, pero imposible de evitar. A correcta utilización dos fondos europeos destinados a crear infraestructuras de transporte é unha prioridade absoluta. Este non é un labor fácil, xa que moitas destas decisións, as máis importantes, corresponderán ó Goberno central, pero o autonómico terá que enfrontar e resolver esta situación na medida do posible e das súas competencias. O esforzo en investimentos pode ser grande e considerable para as posibilidades financeiras de Galicia, pero que sen dúbida haberá que realizar.

Isto chega nun momento de austeridade e disciplina orzamentaria, o que dificulta a solución rápida dalgúns destes problemas mediante o recurso ó endebedamento, que estará moi limitado. ¿Que queda, pois, por facer? Certamente non é o momento de gastar moito tempo e enerxías en discuti-la posibilidade de que exista outra realidade macroeconómica mellor, e isto é algo que debe comprende-la totalidade da sociedade galega canto antes.

Efectivamente, un escenario macroeconómico restrictivo vai requirir unha coitadosísima estratexia para dirixi-lo gasto público, que terá que enfocarse cara ás infraestructuras e cara ó estímulo da economía productiva dunha maneira moi especial. Pero isto, que se di facilmente, implica toda unha serie de accións que pasa-

remos a describir brevemente e que poden ser difciles de asimilar pola filosofa poltica que existe na sociedade galega neste momento.

En primeiro lugar, Galicia necesita os fondos pblicos para estimular a súa economa. Dado que estes van ser escasos, haber que facer un esforzo en aforrar gastos que non sexan directamente productivos: iso implicar que se realice un esforzo de reduci3n dos gastos de funcionamento da administraci3n: capitulo 1 e capitulo 2. E necesario acometer unha simplifi3n da administraci3n 3 tempo que se aumenta a súa eficacia, exactamente da mesma maneira e coas mesmas tcnicas que se estn utilizando no sector privado. Unha administraci3n m3is reducida e con funcionarios mellor pagados e con maiores esixencias de rendemento e dedicaci3n pode ser moito m3is eficaz e barata c3 actual.

En segundo lugar, os investimentos propios haber que dirixirse cara 3 creaci3n e mellora de infraestructuras e cara a obras que poidan estimular a demanda de servizos e bens internos, labor que non e nada fcil. Non debe descartarse *a priori* a entrada de capital pblico en certas empresas de nova creaci3n, sempre que o r3xime sexa de cofinanciamiento con capital privado que este asuma a direcci3n e que, as3 mesmo, asuma unha importante parte do risco do investimento que evite excesivas lixeirezas. Isto pode ser o caso do peche do ciclo do procesado do papel.

Principalmente, as subvenci3n a proxectos de investimentos privados deben facerse seleccionando moi ben estes investimentos. Por unha parte, potenciaranse aquelas que estimulen a demanda de produtos da rexion, ou que xeren valor engadido na rexion. Non obstante, hai que cambiar a filosofa de outorgamento destas axudas, que deben facerse preferentemente en forma de reduci3n dos tipos de xuro de cr3ditos obtidos en entidades bancarias, que son as mellor situadas dende o punto de vista t3cnico para avaliar o risco e a viabilidade das operaci3ns financiadas. Isto sup3n un considerable desv3o da subvenci3n a fondo perdido e nunha soa vez, que adoita atraer un exceso de malos proxectos e de empresarios de pouca calidade. O sistema en si permite unha mellor filtraxe dos proxectos a3nda que, en termos de subvenci3n equivalente, a cantidade desembolsada 3 final sexa a mesma.

Iso implica escapar definitivamente das axudas de salvamento das empresas mal xestionadas, que non son m3is ca unha drenaxe de fondos pblicos que poder3an utilizarse de maneira m3is eficaz noutros proxectos que xeren emprego de maneira s3lida e competitiva. Hai que sanear e rematar coa filosofa de que a Xunta ten que facerse cargo de t3dalas bancarrota da rexion, especialmente cando se producen por unha mala xesti3n. En todo caso, esas axudas nunca deben de outorgarse 3 consello de direcci3n que causa a desfeita, que debe perder, cando menos, a s3a participaci3n no capital da empresa rescatada, e este ter3a que pasar a mans pblicas nunha cantidade igual 3 cantidade desembolsada polo rescate.

Racionalizar o gasto pblico esixe eliminar os investimentos ornamentais, tan caros para moitos dos concellos: nestes momentos non se poden facer m3is c3s

estrictamente necesarios. Polideportivos, só na medida que sexa necesario para a formación dos escolares galegos. Tamén cómpre racionaliza-lo gasto na sanidade.

Non parece intelixente reduci-lo gasto en educación, xa que este é un investimento productivo ó mellora-lo factor de produción humano. Pola contra, fai falta moito investimento deste tipo en Galicia: por exemplo, a formación en idiomas é inconsistente e estanos levando a unha situación de clara desvantaxe comparativa con outras rexións de Europa, o que repercute en posibles decisións de investimento estranxeiro. Non obstante, o que non se diminúa este gasto non quere dicir que non se racionalice fondamente e disto non pode escapa-la propia universidade: o espectáculo de querer un campus e un rectorado en cada municipio non acaba de convencer ó autor deste traballo de que sexa algo racional, se non mellora substancialmente a calidade da ensinanza, cousa que está por ver, e non racionaliza o gasto público. O estamento académico non pode quedar exento deste esforzo colectivo de racionalización e, se cadra, é o momento de que o Parlamento teña moito máis que dicir no control deste tipo de gastos. Se a sociedade financia as universidades, estas deben dar conta do gasto ó seu máximo representante, o Parlamento. Así mesmo, o carácter fondamente endogámico das universidades debe desaparecer se se quere unha verdadeira integración da universidade na sociedade galega.

Poderíase afondar moito máis en cada un destes temas e engadir moitos máis, pero o realmente importante é que, como se pode comprender facilmente, estas accións ou outras análogas só se poderán acometer co consenso da sociedade galega e, para iso, debe haber un consenso común de partidos políticos, estamentos, goberno e sociedade en xeral para non facer bandeira de cousas que non son reais e de non antepoñe-los valores municipais ós xerais. Isto non é broma, pero é exactamente o contrario do que se vén producindo en Galicia nos últimos anos. Se non se expón isto con crueza e non se comprende pola sociedade, os gobernos veranse prisioneiros duns malos hábitos da sociedade, que poden desembocar en que a Unión Monetaria atope á sociedade galega ensumida nunha discusión de se o futuro son galgos ou podengos.

BIBLIOGRAFÍA

- BORROW, G. (1983): *La Biblia en España o viajes, aventuras y prisiones de un inglés en su intento de difundir las Escrituras por la Península*. 2ª ed. Alianza.
- BEIRAS, X.M.(1981): *O atraso económico de Galicia*. 2ª ed. Vigo: Galaxia.